

Concello de  
Vilagarcía



de Arousa

# BANCO MUNICIPAL DE LOCAIS DINAMIZACIÓN DA ECONOMÍA URBANA

Concello de Vilagarcía de Arousa

# Contido

1. Contexto
2. Obxectivos
3. Actuacións
4. Espazos a incorporar no banco
5. Vantaxes para os locais comerciais e zonas industriais adheridas
6. Requisitos do banco
7. Funcionamento do banco

# 1. Contexto

Este ano o Concello de Vilagarcía puxo en marcha o *Plan de promoción e recuperación económica de Vilagarcía de Arousa 2021*, no cal destaca entre os seus eixos de actuación o denominado *Vilagarcía Viva*, cuxa finalidade é consolidar Vilagarcía como unha cidade humanizada e de acollida, que avanza nun modelo de cidade sostible, urbana e economicamente dinámica e viva.

Neste eixo enmárcase o programa *Dinamización da economía urbana* coa finalidade de promover a **rexeneración e promoción da actividade socio-económica** da cidade. O programa supón a posta en marcha dun **banco municipal de locais**, cuxo obxectivo é dinamizar o tecido económico da cidade así como a mellora da imaxe urbana.

Mediante esta iniciativa preténdese paliar os efectos económicos derivados da crise sanitaria que acentuou o peche de actividade en determinadas zonas do núcleo urbano, dinamizar a actividade comercial nas zonas máis deprimidas e zonas periféricas e levar a cabo accións de difusión, promoción, asesoramento empresarial e de emprendemento.

O banco municipal de locais conforma unha **ferramenta** que posibilita a relación entre os titulares dos locais e naves industriais sen actividade e as entidades ou persoas con iniciativas de negocio que buscan establecerse no territorio.

Para a súa implantación e desenvolvemento, quérese contar colaboración entre os axentes públicos e privados relevantes no ámbito territorial do Concello. Nesta presentación avanzamos os aspectos máis relevantes sobre esta iniciativa.

Toda a información sobre a ferramenta estará dispoñible na plataforma de visualización [Invest in Vilagarcía](#).

## 2. Obxectivos

### OBXECTIVOS XERAIS

- **Informar** dos espazos susceptibles de uso para o desenvolvemento da actividade comercial e de negocios a empresarios, empresarias e persoas emprendedoras.
- **Impulsar o establecemento ou posta en marcha de novos proxectos de negocio** nos locais comerciais e espazos industriais de Vilagarcía de Arousa que se atopan baleiros e sen actividade.
- **Dar visibilidade** aos inmobles que actualmente están baleiros.
- **Impulsar a implantación de novas actividades profesionais, comerciais e produtivas.**
- **Incentivar o emprendemento e a innovación nos espazos xa existentes, que se atopan baleiros e sen actividade.**
- **Revitalizar e dinamizar o tecido comercial e as zonas industriais da cidade.**

## 2. Obxectivos

### OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Posta en marcha dun **programa unificado de apoio** para a modernización e promoción da actividade socio-económica da cidade.
- Dinamización **de novas iniciativas empresariais e proxectos emprendedores** ou **mellora dos xa existentes**.
- Creación dun **registro** de locais comerciais e de espazos industriais baleiros e aptos para o desenvolvemento de novas actividades.
- Promoción dunha **ferramenta que poña en contacto a propietarios con potenciais inversores ou emprendedores**.

Mediante o impulso desta ferramenta apóstase pola **reactivación económica** tanto nas zonas comerciais e industriais periféricas, coma nas zonas comerciais centrais, favorecendo a implantación de novas empresas ou proxectos emprendedores e impulsando medidas que contrarresten os efectos da actual crise económica resultante da situación de emerxencia sanitaria que afectou ás diferentes zonas do territorio.

# 3. Actuacións

**1. Creación dun rexistro de locais comerciais e espazos industriais sen actividade:** os locais comerciais e espazos industriais baleiros no territorio poderán inscribirse a través do site Invest In Vilagarcía, formando parte da Banco municipal de locais.

**2. Inclusión dos locais e espazos industriais sen actividade:** os espazos adheridos ó Banco municipal de locais contarán cunha ficha técnica na que se especificará a ubicación, características do espazo, prezo de aluguer e fotografías do mesmo. O período de inscrición dos espazos comezará a principios de novembro do 2021 e estará aberto todo o ano.

**3. Difusión dos espazos:** mediante o site Invest In Vilagarcía proporcionarase información de interese tanto para os titulares dos locais comerciais e espazos industriais como para as persoas con iniciativas de empresa ou emprendemento que necesiten un local para o desenvolvemento do seu proxecto empresarial. Levaranse a cabo diferentes actuacións de publicidade e marketing tanto vía online como de forma física pola cidade, co fin de difundir e incrementar o atractivo comercial dos espazos.

**4. Axudas:** os espazos adheridos ó banco contarán con axudas directas para facer fronte a pólizas de seguro contra impago; axudas directas destinadas á modernización, mellora, adaptación e dixitalización dos espazos adheridos así coma taxas municipais reducidas nas licenzas de nova actividade.

**5. Accións complementarias de impulso e mellora:** Realizaranse accións de mellora e ornato da imaxe externa, intervención sobre escaparates dos locais baleiros, escaparates dinámicos e showrooms de produtos locais, actividades culturais, formativas ou de demostración en diversos ámbitos e visualización do produto industrial, entre outras.

## 4. Espazos a incorporar na banco

O banco municipal de locais está dirixida a propietarios e propietarias que dispoñan de locais comerciais ou espazos industriais desocupados e sen actividade, susceptible de ser alugados para o desenvolvemento dunha actividade empresarial. A relación co banco poderá delegarse en axencias inmobiliarias de Vilagarcía de Arousa.



Baixos comerciais



Naves industriais e  
comerciais



Solo industrial

# 5. Vantaxes para os locais comerciais e zonas industriais adheridas

INCENTIVOS

DINAMIZACIÓN DE ESPAZOS



# 5. Vantaxes para os locais comerciais e zonas industriais adheridas

INCENTIVOS

DINAMIZACIÓN DE ESPAZOS

Os espazos adheridos ó banco contarán con incentivos por parte do Concello como:

## AXUDAS DIRECTAS:

- **Axudas para a modernización, mellora, adaptación e dixitalización dos locais:**
  - Destinatarios: titulares dos locais incorporados ao banco municipal de locais e ás pemes e emprendedores que desenvolvan a súa actividade nos locais.
  - Contía máxima: 1.000 euros
- **Axudas para facer fronte á póliza de seguro contra impago durante un ano:**
  - Destinatarios: titulares dos locais incorporados ao banco municipal de locais.
  - Contía máxima: 600 euros

## REDUCCIÓN DE TAXAS EN ESTUDIO:

- **Redución da taxa de licenza de nova actividade**
- No caso de traslado de negocio que xa conta con licenza de actividade, dito **traslado** estará **exento de taxas** (sempre que se trate dun traslado dun negocio nun piso a un baixo inscrito no banco).

# 5. Vantaxes para os locais comerciais e zonas industriais adheridas

INCENTIVOS

DINAMIZACIÓN DE ESPAZOS

## ACCIÓN DE DINAMIZACIÓN, MARKETING E PUBLICIDADE A CARGO DO CONCELLO:

Para a dinamización da diferentes zonas comerciais do territorio, levaranse a cabo nos espazos pertencentes ao banco municipal de locais accións como:

- Limpeza e ornato de escaparates
- Escaparates dinámicos
- Eventos culturais e/ ou de promoción nos mesmos locais.
- Actividades que potencien a visualización de produto industrial.
- Accións de marketing e publicidade: material de difusión, vinilos, cartelería...

O obxectivo último é levar actividade e visitantes a esas zonas comerciais non centrais, ao tempo que se mostra a potencialidade dos espazos nos que se desenvolvan as accións.

# 6. Requisitos do banco municipal de locais

## REQUISITOS XERAIS DOS ESPAZOS

Os espazos comerciais e zonas industriais adheridos ó banco deben:

- Estar situados no Concello de Vilagarcía de Arousa.
- Estar baleiros e sen actividade.
- Contar coas **condicións mínimas de seguridade e habitabilidade** que sexan susceptibles de ter unha actividade comercial e/ou de servizos.
- Cumprir as normativas urbanísticas.
- Ofrecer un prezo de mercado .
- Manter a **dispoñibilidade durante tres anos**, mediante a sinatura dun acordo cos emprendedores/as ou empresas interesados.

# 6. Requisitos do banco municipal de locais

## REQUISITOS ESPECÍFICOS PARA A INSCRIPCIÓN

Documentación necesaria para propietarios/as de locais comerciais ou espazos industriais sen actividade:




- Inscripción no rexistro: A solicitude de incorporación ó banco será firmada polo propietario/a, e poderá ser presentada tanto polo propietario/a como pola axencia inmobiliaria encargada.
- Copia do DNI o NIF da persoa titular do local ou espazo industrial.
- Último recibo do Imposto de Bens Inmóbles (IBI).
- **Autorización relativa á cesión de datos** persoais a terceiros interesados no aluguer, así como a publicalos nun ficheiro accesible para terceiros a través do site Invest un Vilagarcía.
- Fotografías do estado actual do local comercial ou espazo industrial en formato dixital.

Os propietarios e propietarias dos locais comerciais e espazo industrial sen actividade incluídos No Banco Municipal de Locais deberán instalar na fachada ou nun lugar visual axeitado unha sinal identificativa que informe da súa dispoñibilidade para alugar.

Cada local só poderá realizar unha única inscrición (haberá un identificador único mediante a referencia catastral).

# 6. Requisitos do banco municipal de locais

O formulario de inscrición estará dispoñible na páxina INVEST IN VILAGARCÍA.


**Concello de Vilagarcía de Arousa**  
 Área de Promoción Económica  
 Desenvolvemento Local  
 Praza Pavella, 1  
 36600 Vilagarcía de Arousa  
 T 986 099 200 ext. 220 - F 986 501 109  
 CIF: P13600003 B  
 tel@vilagarcia.es - www.vilagarcia.es

**FORMULARIO DE INSCRIPCIÓN BANCO MUNICIPAL DE LOCAIS**

DATOS DO PROPIETARIO			
NOME OU RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF/CIF
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	NÚMERO	LETRA
ESC	PISO	PORTA	CP
LOCALIDADE	PARROQUIA	PROVINCIA	MUNICIPIO
TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO	

**E, DE SER O CASO, NA SÚA REPRESENTACIÓN** (deberá indicar se é o administrador da sociedade ou o axente inmobiliario responsable)

Administrador da sociedade     Axente inmobiliario

NOME OU RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF/CIF
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	NÚMERO	LETRA
ESC	PISO	PORTA	CP
LOCALIDADE	PARROQUIA	PROVINCIA	MUNICIPIO
TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO	

DATOS DO LOCAL			
REFERENCIA CATASTRAL			
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	NÚMERO	LETRA
ESC	PISO	PORTA	CP
LOCALIDADE	PARROQUIA	PROVINCIA	MUNICIPIO


**Concello de Vilagarcía de Arousa**  
 Área de Promoción Económica  
 Desenvolvemento Local  
 Praza Pavella, 1  
 36600 Vilagarcía de Arousa  
 T 986 099 200 ext. 220 - F 986 501 109  
 CIF: P13600003 B  
 tel@vilagarcia.es - www.vilagarcia.es

**CONTACTO**

PREZO ESTIMADO DE ALQUILER MENSUAL:

DATA ÚLTIMA OCUPACIÓN      ACTIVIDADE ÚLTIMA OCUPACIÓN

**DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN PARA PERSOAS FÍSICAS**

Estes datos surtirán efecto unicamente no expediente asociado a esta solicitude.

Notifíquese a:     Persoa solicitante     Persoa ou entidade representante

No suposto de non indicar a persoa a quen notificar, a notificación practicarase no enderezo do solicitante.

**ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE**

As persoas xurídicas están obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa administración, polo que non é preciso que cubran este espazo.

Electrónica: A través da sede electrónica do Concello de Vilagarcía de Arousa (<https://sede.vilagarcia.gal>)

Postal: (cubrir o enderezo postal só se é distinto ao indicado para o solicitante)

TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	NUM	LETRA	ESC	PISO	PORTA
CP	LOCALIDADE	PARROQUIA	PROVINCIA	MUNICIPIO		

**DECLARACIÓN RESPONSABLE**

O asinante declara baixo a súa responsabilidade que:


- Tanto os datos reflexados na presente solicitude coma os referidos á propiedade do local son veraces.
- O local encontrase actualmente sen un contrato de aluguer en vigor.
- O local está en desuso e presenta plena dispoñibilidade para a súa incorporación.

**AUTORIZACIÓN PARA COMPROBACIÓN DE DATOS PERSOAIS**

Autorizo expresamente a comprobación, consulta e obtención telemática dos datos referidos a esta solicitude segundo o disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro.

Autorizo     Non Autorizo

Por medio da presente solicitude DECLARO BAIXO XURAMETNO a veracidade dos datos aportados no mesmo, respondendo no caso dos danos e prexuízos que a falsidade destes datos puidera levar, e, exonerando ao Concello de Vilagarcía de Arousa de toda responsabilidade.


**Concello de Vilagarcía de Arousa**  
 Área de Promoción Económica  
 Desenvolvemento Local  
 Praza Pavella, 1  
 36600 Vilagarcía de Arousa  
 T 986 099 200 ext. 220 - F 986 501 109  
 CIF: P13600003 B  
 tel@vilagarcia.es - www.vilagarcia.es

**CLÁUSULA DE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

Autorizo a cesión de datos persoais a terceiros interesados no aluguer, así como a publicación dos mesmos no ficheiro accesible para terceiros a través do site Invest in Vilagarcía.

**PROTECCIÓN DE DATOS**

Responsable do tratamento	Concello de Vilagarcía de Arousa
Finalidades do tratamento	Xestión do procedemento e actuacións administrativas
Lexitimación para o tratamento	O exercicio de potestades públicas segundo a normativa aplicable detallada no Rexistro de Tratamento e de uso histórico, estatístico e científico: (Sede Electrónica /Transparencia/Protección de Datos/Rexistro de Actividades Tratamento)
Destinatarios dos datos	Administracións Públicas e segundo o Rexistro de Tratamento
Exercicio de dereitos	Acceder, rectificar e suprimir os datos, ou calquera outro dereito recoñecido no Regulamento UE Xeral de Protección de Datos e a Lei Orgánica 3/2018
Contacto delegado/a de protección de datos e máis información	<a href="https://sede.vilagarcia.gal">https://sede.vilagarcia.gal</a> ou <a href="mailto:dpd@vilagarcia.gal">dpd@vilagarcia.gal</a>

**DOCUMENTOS QUE ACHEGA**

Copia do DNI o NIF da persoa titular do local ou espazo industrial.  
 Último recibo do Imposto de Bens Inmóbles.  
 Fotografías do estado actual do local comercial ou espazo industrial en formato dixital.

**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE E PROPIETARIO DO LOCAL**

LUGAR	DATA
   (Sinatura do solicitante e do propietario do local)	

*Este formulario e a documentación anexa deberá entregarse preferentemente por medio da sede electrónica do Concello de Vilagarcía de Arousa. <https://sede.vilagarcia.gal/public/catalog-detail/16077565>*

*Os particulares que o precisen poderán realizar a solicitude a través do rexistro do Concello de forma presencial.*

A entrega do formulario de inscrición debe realizarse preferentemente por Sede electrónica do Concello de Vilagarcía de Arousa. (<https://sede.vilagarcia.gal/public/catalog-detail/16077565>)

Os particulares que o precisen poderán realizar a solicitude a través do rexistro do concello de maneira presencial.

# 7. Funcionamento da banco

- **Inscripción no rexistro**, polo propietario/a ou axencia inmobiliaria autorizada.
- **Revisión** por parte do Concello **da información** facilitada dos espazos adheridos á banco.
- **Publicación e promoción no banco municipal de locais.**
- **Contacto directo** das persoas interesadas nos locais e espazos industriais **co propietario ou axencia inmobiliaria autorizada.**
- En caso de acordo, os locais e espazos adheridos obterán os **beneficios** correspondentes derivados **das accións de apoio prestadas polo Concello.**



# Concello de Vilagarcía de Arousa

EXPLORING - LEADING - GROWTH

*EXPLORANDO - LIDERANDO - CRECENDO*